

Real Decreto 1364/2010, do 29 de outubro, polo que se regula o concurso de traslados de ámbito estatal entre persoal funcionario dos corpos docentes contemplados na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación e outros procedementos de provisión de prazas a cubrir por estes. (BOE do 30 de outubro de 2010)

Disposición adicional sexta. Permutas.

1. Poderán autorizarse excepcionalmente permutas entre persoal funcionario en activo dos corpos docentes cando concorran as seguintes condicións:

- a) Que desempeñen con carácter definitivo os destinos que se permutan.
- b) Que acrediten, polo menos, dous anos de servizos efectivos con carácter definitivo nas prazas obxecto da permuta.
- c) Que ambos os dous destinos sexan de igual natureza e correspondan a idéntica forma de provisión.
- d) Que os que pretendan a permuta contén respectivamente cun número de anos de servizo que non difira entre si en máis de cinco.
- e) Que se emita informe previo favorable pola unidade administrativa da que dependa cada unha das prazas.

2. Cando a permuta se pretenda entre prazas dependentes de Administracións educativas diferentes será necesario que ambas as dúas o autoricen simultaneamente.

3. No prazo de dez anos, a partir da concesión dunha permuta, non poderá autorizarse outra a calquera das persoas permutantes.

4. Non poderá autorizarse permuta entre persoal funcionario cando a algún deles lle falten menos de dez anos para cumprir a idade de xubilación legalmente establecida.

5. Deixaranse sen efecto as permutas se nos dous anos seguintes á data na que teñan lugar se produce unha excedencia ou xubilación voluntaria dalgunha das persoas permutantes.

6. A quen se autorizase a permuta non poderá participar nos concursos de provisión de postos ata que non acredite, polo menos, dous anos de servizos efectivos, a partir da data da toma de posesión, na praza á que se incorporou como consecuencia da concesión da permuta.